



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación e Cultura

Bases reguladoras e convocatoria Rede Cultural 2026

Mediante resolución de Presidencia aprobáronse as Bases da Rede Cultural do ano 2026, cuxo texto se transcribe:

BASES REGULADORAS DA PROGRAMACIÓN DA REDE CULTURAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA E CONVOCATORIA PARA 2026

A Deputación da Coruña, co obxecto de contribuír á difusión e á promoción da música, do folclore, do teatro, da danza, do cine e das demais manifestacións artísticas na provincia, por medio do coñecemento das actividades que se están a producir neste ámbito e do seu achegamento aos nosos concellos, e fomentando ao tempo o uso e normalización social da lingua galega e a defensa dos valores da igualdade de xénero, convoca os seguintes catro programas de difusión cultural:

ESCENA AO VIVO! Categoría profesional	Programa de espectáculos profesionais de teatro e monicreques, maxia, danza e música para concellos.
VISIÓNS! Categoría profesional	Programa de cinema e contidos audiovisuais para concellos.
ALICERCE Categoría non profesional	Programa de grupos de música, danza e teatro non profesionais para concellos e entidades.
LINGUA A ESCENA! Categoría profesional	Programa de espectáculos profesionais de música, teatro, danza, maxia, narración oral e monicreques con contidos específicos orientados á dinamización social da lingua galega, para concellos.

Os programas ESCENA AO VIVO!, VISIÓNS, ALICERCE e LINGUA A ESCENA! desenvólvense con cargo á aplicación orzamentaria: 0612/3343/22609. **Importe: 2.025.000 euros**

Os importes dos créditos son os que se incluírán no Orzamento do 2026 e poderán ser obxecto de modificacións orzamentarias.

Todos os programas citados, en conxunto, conforman o espazo de oferta cultural impulsada desde a Deputación, cos concellos e entidades sen ánimo de lucro da provincia, baixo a denominación conxunta de **Rede Cultural**.

Cada concello poderá participar do número de programas da Rede Cultural que decida, asumindo en cada caso as normas de funcionamento de cada un deles.

Tramitación

A tramitación realizarase de maneira electrónica, no apartado específico da sede electrónica da Deputación da Coruña, SUBTEL.

Ámbito territorial e temporal

Os espectáculos incluídos nestes programas realizaranse no ámbito territorial da provincia da Coruña durante todo o ano 2026 e até o 31 de marzo de 2027.

Obxectivos

A Rede Cultural é un espazo de programación artística que ten como obxectivo principal garantir unha oferta cultural diversificada e de calidade nos municipios da provincia. Oriéntase, polo tanto, a favorecer a capacidade dos concellos da provincia para desenvolver programacións culturais para os seus veciños e veciñas.

A Rede Cultural, en tanto iniciativa promovida pola Deputación, débese a un ámbito territorial claro, comprendido dun xeito que tamén se aplica a outros programas (as convocatorias de subvencións, por exemplo): garantir que as actividades subvencionadas ou contratadas se desenvolven na provincia e benefician os veciños e veciñas dos seus concellos.

En coherencia co anterior, poden inscribirse nos programas ESCENA AO VIVO!, VISIÓNS E LINGUA A ESCENA! da Rede Cultural da Deputación da Coruña todos os artistas profesionais, compañías profesionais e empresas de distribución de espectáculos con domicilio fiscal en calquera concello da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que as actuacións se desenvolvan nos concellos da provincia.

A continuar desenvólvense as normas de funcionamento de cada un deles.

1.- PROGRAMA ESCENA AO VIVO!

Programación de espectáculos profesionais de teatro e monicreques, maxia, danza e música para concellos.

ESCENA AO VIVO! Categoría profesional(RC-P)	Programa de espectáculos profesionais de teatro e monicreques, maxia, danza e música para concellos.
--	--

1.1.- INSCRICIÓN DE PROPOSTAS ARTÍSTICAS

Procedemento e normas de inscrición de espectáculos na Rede Cultural

As e os artistas e compañías inscribiranse de maneira electrónica, no apartado específico da sede electrónica da Deputación da Coruña, SUBTEL.

Poderán participar do programa ESCENA AO VIVO! da Rede Cultural da Deputación da Coruña todas as empresas de distribución de espectáculos, compañías e artistas con domicilio fiscal en calquera concello da Comunidade Autónoma de Galicia.

Cada artista ou compañía con entidade legal propia, demostrada coa xustificación de estar de alta no censo de empresarios e profesionais (artigo 3 do Real Decreto 1065/2007) e a súa dedicación a actividades escénicas e/ou culturais, poderá inscribir un **máximo de 5 espectáculos**.

O importe dos cachés será fixado libremente polas compañías e intérpretes, co límite máximo de **15.000,00 euros** (impostos incluídos) e constará, por unha banda, dunha cantidade en concepto de importe do espectáculo e, doutra, do importe do equipamento técnico necesario para a súa realización. O equipamento técnico non se aboará no caso de que sexa achegado polo Concello.

Serán sempre importes finais, con **impostos incluídos**, e terán que manterse durante toda a convocatoria.

As solicitudes que deben presentar en SUBTEL as compañías e artistas para inscribirse no programa ESCENA AO VIVO! son as seguintes:

- **RC-SOLICIT**: Solicitud de alta de compañía ou artista
- **RC-P**: Solicitud de inscrición individual de cada espectáculo proposto

A presentación de ambas solicitudes é **imprescindible**, sen a súa achega non se terá por feita a inscrición e non se notificará a súa falla.

A solicitud de alta de compañía ou artista (RC-SOLICIT) constará da seguinte documentación:

- Tarxeta NIF da entidade
- Escrituras da entidade / empresa
- Designación da persoa representante
- Declaración da persoa representante de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar coa administración e de aceptación das bases da convocatoria

A tarxeta NIF e as escrituras da entidade ou empresa non terán que ser presentadas se xa se achegaron en anos anteriores e non houbo variación nelas.

Cada solicitud de inscrición individual de cada espectáculo proposto (RC-P) constará da seguinte documentación:

- Anexo 1. Programa ou sinopse
- Anexo 2. Características técnicas
- Anexo 3. Traxectoria artística
- Anexo 4. Relación de persoas que forman parte do equipo artístico e do equipo técnico.
- Imaxe / fotografía da obra ou grupo, en formato JPEG
- Documento acreditativo da alta da compañía ou do artista no censo de empresarios e profesionais (art. 3 do RD 1065/2007) con dedicación a actividades escénicas e/ou culturais.

No caso das empresas distribuidoras de espectáculos, terán que presentar a alta no censo de empresarios e profesionais (artigo 3 do Real Decreto 1065/2007) e a dedicación a actividades escénicas e/ou culturais de cada unha das compañías ou artistas profesionais propostos.

Ademais constará dos seguintes campos: nome artístico, título da obra ou espectáculo, páxina web, importe caché e necesidades técnicas, tipo de oferta, lingua, público, sinopse e enlace ao vídeo do espectáculo e indicación de se unicamente actúan en espectáculos con entrada de pago.

O defecto, erro ou ausencia na presentación das solicitudes á que se refire esta base deberá ser emendado no prazo de dez días desde a recepción do requirimento. Transcorrido este prazo sen atender o requirimento entenderase que a persoa interesada desiste na súa petición, previa resolución.

Tendo en conta que a tramitación será electrónica, a empresa ou artista deberá dispoñer dun enderezo de correo electrónico que non poderá variar ao longo de toda a tramitación do expediente, xa que as comunicacións se dirixirán ao devandito enderezo. Excepcionalmente, poderase modificar o enderezo inicial coa obriga de notificarlle esta circunstancia á Deputación.

Propostas artísticas de danza

A Área de Cultura da Deputación da Coruña conformará unha **Comisión de Valoración de Espectáculos** da que formarán parte persoas de recoñecido prestixio e traxectoria dentro do campo da cultura e da danza, que informará sobre a adecuación das distintas propostas inscritas na dita categoría, podendo propoñer a exclusión daquelas que considere que non se axustan a estes. As propostas excluídas poderanse incluír na categoría da Rede Cultural que corresponda.

1.2.- CONTRATACIÓN DE ESPECTÁCULOS

Procedemento e normas de contratación de espectáculos por parte dos concellos

Os concellos realizarán a solicitude coa súa proposta de programación de maneira electrónica, no apartado específico da sede electrónica da Deputación da Coruña, SUBTEL.

Na proposta de programación o concello fará constar: o nome das compañías/artistas, o nome dos espectáculos, se contratan con medios técnicos ou non e as datas e lugares fixados para o desenvolvemento das actividades.

Os concellos realizarán a súa proposta de programación cumprindo os requisitos e as normas que se expoñen a seguir:

- Concellos menos de 5.000 habitantes: Mínimo de 3 espectáculos (deberá incluír música e teatro/monicreques).
- Concellos 5.001 - 10.000 habitantes: Mínimo de 4 espectáculos (deberá incluír música e teatro/monicreques)
- Concellos 10.001 - 20.000 habitantes: Mínimo de 5 espectáculos (deberá incluír teatro/monicreques, música e danza)
- Concellos de 20.001 - 50.000 habitantes: Mínimo de 6 espectáculos (deberá incluír teatro/monicreques, música, maxia e danza)
- Concellos máis 50.000 habitantes: Mínimo de 7 espectáculos (deberá incluír teatro/monicreques, música, maxia e danza)

Os concellos deberán achegar a seguinte documentación:

- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordenar os pagamentos das funcións. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social..

O defecto, erro ou ausencia na presentación da solicitude a que se refire esta base deberá ser emendado no prazo de dez días desde a recepción do requirimento. Transcorrido este prazo sen atender o requirimento entenderase que a persoa interesada desiste na súa petición, previa resolución.

1.3.- DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN

Procedemento, normas e obrigas para o desenvolvemento da programación

Obrigas dos concellos

- Organizar as funcións e velar polo seu correcto desenvolvemento, así como proporcionar o persoal de vixilancia que se precise.
- Contratar as funcións que teñan adxudicadas.
- Comprobar que a persoa representante non está incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar coa administración

- Poñer a disposición dos grupos o persoal necesario para axudar á carga e descarga do material. Garantir o cumprimento das necesidades técnicas acordadas coas compañías e artistas, así como o bo estado, limpeza e correcto acondicionamento dos espazos escénicos.
- Realizar a publicidade das funcións. Difundir adecuadamente a celebración dos espectáculos contratados, indicando expresamente nos soportes de difusión (carteis, cuñas radiofónicas, páxina web, redes sociais...) a pertenza da programación á Rede Cultural da Deputación da Coruña mediante a inclusión da imaxe da Rede Cultural.
- Todos os soportes de difusión e materiais publicitarios deberán realizarse en lingua galega, sen prexuízo de que poidan estar tamén noutras linguas, e á marxe de cal sexa a lingua do espectáculo.
- Vincular ou citar nos contidos de difusión dos espectáculos nas redes sociais os perfís da Área de Cultura da Deputación da Coruña.
- Realizar un traballo adecuado de xestión de asistencia, que incluírá:
 - Peche do espazo unha vez comezada a función.
 - Cobertura e envío electrónico á Deputación, para efectos estatísticos, dunha **ficha de control** de cada función ao desenvolvemento desta. Nesa ficha incluírase a información seguinte: data, hora e espazo de celebración da actividade, nome do artista e do espectáculo, prezo de entrada (se houber, e en tal caso follas de billeteira e declaración de ingresos), capacidade do espazo de actuación, número de persoas asistentes.
- Comprobar, con anterioridade á data da función, que as compañías profesionais teñen aos artistas e profesionais dados de alta na Seguridade Social no momento de realizar a actuación. Esta comprobación farase a través da presentación dos documentos de alta na Seguridade Social.
- Dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil cunha cobertura mínima de **200.000 euros**, que garanta a reparación dos danos persoais e materiais, así como dos prexuízos consecutivos que poidan ocasionarse ás persoas usuarias, asistentes ou terceiras persoas e aos seus bens, como consecuencia da organización das actividades, incluídos os de carácter extraordinario.
Este seguro deberá cubrir a responsabilidade civil que resulte imputable, de forma directa, solidaria ou subsidiaria, ás persoas organizadoras, comprendendo igualmente a actuación do persoal ao seu servizo ou das empresas subcontratadas.
- Expedir documentos acreditativos da realización das funcións feitas: declaración, certificación ou calquera outro no que se acredite a realización da función.
- Someterse ás actuacións de comprobación da Deputación, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes.
- Aboarlles os gastos correspondentes ás axencias de propiedade intelectual e artística correspondentes (SGAE, DAMA ...)
- Aboarlles aos artistas a totalidade do importe do espectáculo, anticipando, se for necesario, o importe que aboa a Deputación, logo de comprobar que o artista está ao corrente cas administracións tributarias correspondentes e ca Tesourería da Seguridade Social.

Obrigas dos artistas

O programa **ESCENA AO VIVO!**, recollendo unha demanda histórica do sector das artes escénicas do noso país, convócase como un programa destinado unicamente a compañías e propostas artísticas de carácter profesional.

Para garantir esta condición, a Deputación da Coruña esixirá as seguintes obrigas:

- As compañías profesionais de artes escénicas cumprirán co disposto no I Convenio colectivo de actores e actrices de teatro de Galicia (aprobado por resolución do 18 de marzo de 2009, da Dirección Xeral de Relacións Laborais) e as súas posteriores modificacións.
- As compañías profesionais de artes escénicas inscritas na Rede Cultural, ben baixo o seu NIF ben baixo o doutra empresa que xestione a distribución do seu espectáculo, deberán presentarlle á Deputación da Coruña a documentación que acredite a alta no censo de empresarios e profesionais (artigo 3 do Real Decreto 1065/2007) e a súa dedicación a actividades escénicas e/ou culturais.
- Entregarlles aos responsábeis da programación dos concellos, con anterioridade á data da función, copia dos documentos de alta na Seguridade Social das e dos profesionais que participan no espectáculo. A Deputación da

Coruña, así mesmo, poderá desenvolver ao longo da programación controis periódicos e aleatorios ás compañías, nos que serán solicitados os modelos de cotización RNT (recibo nominal de traballadores e traballadoras).

- Someterse ás actuacións de comprobación da Deputación, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes.
- Realizar as funcións nos lugares previstos.
- Aboar os gastos de transporte e seguros do equipo de actuación e material, gastos de persoal, impostos e Seguridade Social.
- Expedir facturas legais polas funcións realizadas e, se for o caso, a que corresponda do equipamento técnico necesario para a realización da función. As facturas serán expedidas pola entidade ou empresa que inscribiu o espectáculo. No caso de a inscrición e a facturación sexa realizada por unha empresa distribuidora, igualmente garantirase que as propostas escénicas distribuídas por esta dentro do programa Escena ao vivo! corresponden en todos os casos a compañías profesionais de artes escénicas, a través da presentación da súa alta como tal no censo de empresarios e profesionais (artigo 3 do Real Decreto 1065/2007) e da súa dedicación a actividades escénicas e/ou culturais.
- Achegar todo o equipamento técnico necesario para poder facer a función (instrumentos, equipo de proxección, de son...), agás que o achegue o Concello.
- Deixar o local no estado en que o atoparon.

Obrigas da deputación

- Desenvolver o control e seguimento da programación aprobada, así como garantir o seu correcto funcionamento e o cumprimento das obrigas laborais, técnicas e organizativas de cada unha das partes (concellos e artistas).
- Garantir a posibilidade de consulta pública, a través da web da Rede Cultural (redecultural.gal), da programación final aprobada para cada concello. Garantirase a posibilidade de acceso á información por artista ou compañía, data e espazo cultural/entidade/concello, así como das actuacións adxudicadas.
- Desenvolver estratexias e iniciativas de difusión social da programación da Rede Cultural.
- Cofinanciar os espectáculos incluídos na Rede, mediante as achegas que correspondan segundo o sinalado na base 5.2.

2. - PROGRAMA VISIÓN!

Programación de cinema e contidos audiovisuais para concellos

PROGRAMA VISIÓN Categoría profesional(RC-CINE)	Programa de cinema e contidos audiovisuais para concellos.
--	--

2.1.- INSCRICIÓN DE PROPOSTAS ARTÍSTICAS

Procedemento e normas de inscrición de propostas audiovisuais na Rede Cultural

As empresas audiovisuais inscribirán as súas propostas electrónicamente na plataforma informática que a Deputación da Coruña pon ao seu dispor para a xestión da Rede Cultural.

Poderán participar do programa VISIÓN! da Rede Cultural da Deputación da Coruña todas as empresas audiovisuais con domicilio fiscal en calquera concello da Comunidade Autónoma de Galicia. Por empresa distribuidora entenderase a persoa física ou xurídica inscrita no rexistro do ICAA como empresa distribuidora e que posúa a titularidade dos dereitos de exhibición non “theatrical”

As empresas deberán estar dadas de alta nalgún dos seguintes epígrafes segundo o imposto de actividades económicas:

- Epígrafe 961.1. Producción de películas cinematográficas
- Epígrafe 962 .1 Distribución e venta de películas
- Epígrafe 963.1. Exhibición de películas cinematográficas e vídeos.

O programa de cinema terá dúas seccións diferenciadas:

A. Producción propia galega. Estará orientada ao apoio á difusión dos filmes, documentais e creacións audiovisuais das empresas e produtoras audiovisuais galegas.

B. Propostas xerais. Orientado ás propostas de produción non galega e/ou natureza comercial.

No caso de ofertas presentadas para a sección B (Propostas xerais), cada empresa do ámbito audiovisual inscrita na Rede poderá inscribir un máximo de 15 propostas audiovisuais. As pezas audiovisuais desta opción B deben ter a data de autorización do ICAA (*Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales*) anterior ao 1 de xaneiro do ano anterior. Non poderán inscribirse filmes cunha antigüidade inferior a 12 meses desde a súa estrea en salas de exhibición.

Cada proposta audiovisual incluída na Rede deberá indicar o seu prezo en función das seguintes tres posibilidades:

- Prezo por proxección (**con presenza obrigatoria dun técnico da empresa**), sen equipamento técnico por parte da empresa. Non poderá superar os **400 euros**.
- Prezo da cobertura técnica básica (equipo de proxección e pantalla), en caso de que esta non a achegue o concello. Outras necesidades que poida haber (cadeiras ou outros elementos) deberán ser cubertas polo Concello.
- Prezo por proposta de actividades paralelas (actividades paralelas de reforzo: presentación, charla, debate, exposición, coloquio...)

Os prezos inclúen, en todos os casos, a **cobertura obrigatoria e presencial da empresa audiovisual - a través dunha persoa técnica - do día da proxección**, para garantir un correcto desenvolvemento desta.

As solicitudes que deben presentar en SUBTEL as compañías e artistas para inscribirse no programa VISIÓN S son as seguintes

- **RC-SOLICIT**: Solicitud de alta de compañía ou artista
- **RC-CINE**: Solicitud de inscrición individual de cada audiovisual proposto

A presentación de ambas solicitudes é **imprescindible**, sen a súa achega non se terá por feita a inscrición e non se notificará a súa falla.

A solicitud de alta de compañía ou artista (RC-SOLICIT) constará da seguinte documentación

- Tarxeta NIF da entidade
- Escrituras da entidade / empresa.
- Designación da persoa representante
- Declaración da persoa representante de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar coa administración e de aceptación das bases da convocatoria.

A tarxeta NIF e as escrituras da entidade ou empresa non terán que ser presentadas se xa se achegaron en anos anteriores e non houbo variación nelas.

Cada solicitud de inscrición individual de cada audiovisual proposto (RC-CINE) constará da seguinte documentación:

- Ficha técnica
- Imaxe / fotografía da obra ou grupo, en formato JPEG
- Documentación que acredite a alta da empresa distribuidora no censo de empresarios e profesionais (artigo 3 do Real Decreto 1065/2007 de 27 de julio, por el que se aprueba el Reglamento General de las actuaciones y los procedimientos de gestión e inspección tributaria y de desarrollo de las normas comunes de los procedimientos de aplicación de los tributos), deberán estar dadas de alta nalgún dos seguintes epígrafes segundo o imposto de actividades económicas:
 - Epígrafe 961.1. Producción de películas cinematográficas
 - Epígrafe 962 .1 Distribución e venta de películas
 - Epígrafe 963.1. Exhibición de películas cinematográficas e vídeos
- Inscrición no rexistro do ICAA como empresa distribuidora e posuidora da titularidade dos dereitos de exhibición non "theatrical".
- Documentación acreditativa de ter autorizacións legais necesarias para a exhibición das películas.

A efectos de acreditar a lícita tenencia dos dereitos presentárase o contrato de distribución da película, certificación do Rexistro da Propiedade Intelectual na que conste a súa inscrición ou outra documentación que o acredite fidedignamente. Se a lingua orixinal destes documentos non é o castelán ou o galego estes presentáranse, ademais, traducidos a unha destas linguas.

Ademais nela figurarán os seguintes campos: xénero da proxección, título, lingua, prezo da proxección e descrición desta, prezo da cobertura técnica básica (equipo de proxección e pantalla), prezo das actividades paralelas e descrición destas, enlace á ficha técnica, público, sinopse e enlace ao vídeo do espectáculo.

O defecto, erro ou ausencia na presentación das solicitudes á que se refire esta base deberá ser emendado no prazo de dez días desde a recepción do requirimento. Transcorrido este prazo sen atender o requirimento entenderase que a persoa interesada desiste na súa petición, previa resolución.

Tendo en conta que a tramitación será electrónica, a empresa deberá dispoñer dun enderezo de correo electrónico que non poderá variar ao longo de toda a tramitación do expediente, xa que as comunicacións se dirixirán ao devandito enderezo. Excepcionalmente, poderase modificar o enderezo inicial coa obriga de notificarlle esta circunstancia á Deputación.

2.2.- CONTRATACIÓN DE PROPOSTAS AUDIOVISUAIS

Procedemento e normas de contratación por parte dos concellos

Os concellos realizarán a solicitude coa súa proposta de programación de maneira electrónica, no apartado específico da sede electrónica da Deputación da Coruña, SUBTEL.

Na proposta de programación os concellos farán constar: o nome das empresas audiovisuais, o nome das pezas audiovisuais seleccionadas, se contratan con cobertura técnica ou non, se contratan actividades paralelas ou non, as datas e lugares fixados para a súa proxección.

Os concellos realizarán a súa proposta de programación podendo solicitar un máximo de 10 proxeccións, das cales un mínimo do 50% debe ser produción propia galega.

Os concellos deberán achegar a seguinte documentación:

- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordenar os pagamentos das funcións. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.

2.3.- DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN

Procedemento, normas e obrigas para o desenvolvemento da programación

Obrigas dos concellos

- Organizar as proxeccións e velar polo seu correcto desenvolvemento, así como proporcionar o persoal de atención e vixilancia que se precise.
- Contratar as proxeccións que teñan adxudicadas
- Comprobar que a persoa representante non está incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar coa administración
- Poner a disposición das empresas o persoal necesario para axudar á carga e descarga do material. Garantir o cumprimento das necesidades técnicas acordadas coa empresa audiovisual, así como o bo estado, limpeza e correcto acondicionamento dos espazos escénicos. Outras necesidades que poida haber (cadeiras ou outros elementos) deberán ser cubertas tamén polo Concello.
- Realizar a publicidade das proxeccións. Difundir adecuadamente a proxección dos filmes contratados, indicando expresamente nos soportes de difusión (carteis, cuñas radiofónicas, páxina web, redes sociais...) a pertenza da programación á Rede Cultural da Deputación da Coruña mediante a inclusión da imaxe da Rede Cultural. De cara a crear hábitos de asistencia nos públicos, promoverase a proxección dos filmes seleccionados cun formato temporal unitario (ciclo, semana, mostra...).
- Todos os soportes de difusión e materiais publicitarios deberán realizarse en lingua galega, sen prexuízo de que poidan estar tamén noutras linguas, e á marxe de cal sexa a lingua dos filmes e pezas audiovisuais que se vaian proxectar.
- Vincular ou citar nos contidos de difusión dos espectáculos nas redes sociais os perfís da Área de Cultura da Deputación da Coruña.
- Cobertura e envío electrónico á Deputación, para efectos estatísticos, dunha ficha de control de cada proxección ao desenvolvemento desta. Nesa ficha incluírase a información seguinte: data, hora e espazo de proxección, título do audiovisual e nome da empresa, prezo de entrada (se houber, e en tal caso follos de billeteira e declaración de ingresos), capacidade do espazo de proxección, número de persoas asistentes.
- Comprobar, con anterioridade á data da función, que as empresas audiovisuais teñen os traballadores dados de alta na Seguridade Social no momento de realizar a proxección. Esta comprobación farase a través da presentación dos documentos de alta na Seguridade Social.

- Dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil cunha cobertura mínima de **200.000 euros**, que garanta a reparación dos danos persoais e materiais, así como dos prexuízos consecutivos que poidan ocasionarse ás persoas usuarias, asistentes ou terceiras persoas e aos seus bens, como consecuencia da organización das actividades, incluídos os de carácter extraordinario.

Este seguro deberá cubrir a responsabilidade civil que resulte imputable, de forma directa, solidaria ou subsidiaria, ás persoas organizadoras, comprendendo igualmente a actuación do persoal ao seu servizo ou das empresas subcontratadas.

- Expedir documentos acreditativos da realización das proxeccións feitas: declaración, certificación ou calquera outro no que se acredite a súa realización.
- Someterse ás actuacións de comprobación da Deputación, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes.
- Aboarlle os gastos correspondentes ás entidades de xestión de dereitos que proceda en cada caso (SGAE, DAMA ...)
- Aboarlle ás empresas audiovisuais a totalidade do importe do espectáculo, anticipando, se for necesario, o importe que aboa a Deputación, logo de comprobar que o artista está ao corrente cas administracións tributarias correspondentes e ca Tesourería da Seguridade Social.

Obrigas das empresas audiovisuais

- Aboar os dereitos de exhibición con anterioridade á realización da proxección.
- Realizar as proxeccións nos lugares previstos e proporcionar aos concellos o persoal técnico preciso para o desenvolvemento da proxección.
- Aboar os gastos de transporte e seguros do equipo de actuación e material, gastos de persoal, impostos e Seguridade Social.
- Entregarlle á Deputación da Coruña a documentación que acredite a alta no censo de empresarios e profesionais (artigo 3 do Real Decreto 1065/2007)
- Entregarlle á Deputación da Coruña a documentación acreditativa da inscrición no rexistro do ICAA como empresa distribuidora e posuidora da titularidade dos dereitos de exhibición non “theatrical”.
- Entregarlle á Deputación da Coruña a documentación acreditativa de ter autorizacións legais necesarias para a exhibición das películas.
- Expedir facturas legais polas proxeccións realizadas e, se for o caso, a que corresponda do equipamento técnico necesario para a súa realización. As facturas serán expedidas pola entidade ou empresa que inscribiu a peza audiovisual.
- Achegar todo o equipamento técnico necesario para poder facer a proxección, agás que o achegue o Concello. As proxeccións do programa VISIÓNs poderán realizarse en DCP (Digital Cinema Package), Blu-ray, 35mm ou 16 mm. O proxector deberá contar, como mínimo, cunha resolución FULL HD (1920 x 1080) e cunha potencia de 10.000 lumens. A pantalla terá como mínimo 4x2,5 metros. Para proxeccións en exterior a empresa disporá de equipo de son.
- Enviar a un técnico para garantir un correcto desenvolvemento de todas as proxeccións.
- Contar coas autorizacións legais necesarias para a exhibición pública dos filmes.
- Deixar o local no estado en que o atoparon.
- Entregarlle ás persoas responsábeis da programación dos concellos, con anterioridade á data da función, copia dos documentos de alta na Seguridade Social da persoa ou persoas profesionais encargadas da proxección do filme. A Deputación da Coruña, así mesmo, poderá desenvolver ao longo da programación controis periódicos e aleatorios ás compañías, nos que serán solicitados os modelos de cotización RNT (recibo nominal de traballadores e traballadoras).
- Someterse ás actuacións de comprobación da Deputación, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes.

Obrigas da deputación

- Desenvolver o control e seguimento da programación aprobada, así como garantir o seu correcto funcionamento e o cumprimento das obrigas de cada unha das partes (concellos e empresas audiovisuais).

- Garantir a posibilidade de consulta pública, a través da web da Rede Cultural (redecultural.gal), da programación final aprobada para cada concello. Garantirase a posibilidade de acceso á información por artista ou compañía, data e espazo cultural/entidade/concello, así como das actuacións adxudicadas.
- Desenvolver estratexias e iniciativas de difusión social da programación da Rede Cultural.
- Cofinanciar os espectáculos incluídos na Rede, mediante as achegas que correspondan segundo o sinalado na base 5.2.

3. - PROGRAMA ALICERCE

Programación de música, danza e teatro para grupos non profesionais

PROGRAMA ALICERCE Categoría non profesional (RC-NP)	Programa de música, danza e teatro para grupos non profesionais
--	---

3.1.- INSCRICIÓN DE PROPOSTAS ARTÍSTICAS

Procedemento e normas de inscrición de espectáculos na Rede Cultural

Os artistas e compañías inscribíranse electrónicamente na plataforma informática que a Deputación da Coruña pon ao seu dispor para a xestión da Rede Cultural.

Poderán participar do programa ALICERCE da Rede Cultural da Deputación da Coruña todas as compañías, grupos e artistas non profesionais con **domicilio fiscal na provincia da Coruña**.

Os/as participantes no programa ALICERCE deberán realizar as actuacións fóra do termo municipal en que estean radicados.

Non poderán participar na Rede Cultural grupos infantís.

Cada artista ou compañía poderá inscribir un **máximo de 4 espectáculos**.

O importe dos cachés será fixado segundo o seguinte criterio:

- Grupos de ata 5 membros - Máximo 310 euros/actuación
- Grupos de entre 6 e 10 membros - Máximo 580 euros/actuación
- Grupos de entre 11 e 15 membros - Máximo 850 euros/actuación
- Grupos de entre 16 e 20 membros - Máximo 1.120 euros/actuación
- Grupos de entre 21 e 25 membros - Máximo 1.390 euros/actuación
- Grupos de entre 26 e 30 membros - Máximo 1.660 euros/actuación
- Grupos de entre 31 e 35 membros - Máximo 1.930 euros/actuación
- Grupos de entre 36 e 50 membros - Máximo 2.200 euros/actuación
- Grupos de máis de 50 membros - Máximo 3.000 euros/actuación

As solicitudes que deben presentar en SUBTEL as compañías e artistas para inscribirse no programa ALICERCE son as seguintes

- **RC-SOLICIT:** Solicitud de alta de compañía ou artista
- **RC-NP:** Solicitud de inscrición individual de cada espectáculo proposto

A presentación de ambas solicitudes é **imprescindible**, sen a súa achega non se terá por feita a inscrición e non se notificará a súa falla.

A solicitud de alta de compañía ou artista (RC-SOLICIT) constará da seguinte documentación:

- Tarxeta NIF da entidade
- Estatutos da entidade titular do grupo adaptados á lexislación vixente, nos que conste a inscrición no rexistro público correspondente.
- Nomeamento da persoa representante para as súas relacións coa Deputación (os grupos de titularidade municipal, soamente resolución ou acordo de solicitude do Concello).
- Declaración da persoa representante de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar coa administración e de aceptación das bases da convocatoria.

A tarxeta NIF e os estatutos da entidade non terán que ser presentados se xa se achegaron en anos anteriores e non houbo variación neles.

Cada solicitude de inscrición individual de cada espectáculo proposto (**RC-NP**) constará da seguinte documentación:

- Anexo 1. Programa ou sinopse
- Anexo 2. Características técnicas
- Anexo 3. Breve historial do grupo
- Anexo 4. Relación de persoas que forman parte do equipo artístico e do equipo técnico.
- Imaxe / fotografía da obra ou grupo, en formato JPEG

Ademais nela figurarán os seguintes campos: nome artístico do grupo, título do espectáculo, páxina web, importe caché, tipo de IVE, número integrantes do grupo, tipo espectáculo, lingua, público, sinopse e enlace ao video do espectáculo.

O defecto, erro ou ausencia na presentación da solicitude a que se refire esta base deberá ser emendado no prazo de dez días desde a recepción do requirimento. Transcorrido este prazo sen atender o requirimento entenderase que a persoa interesada desiste da súa petición, previa resolución.

Tendo en conta que a tramitación será electrónica, o artista, grupo ou entidade deberá dispoñer dun enderezo de correo electrónico que non poderá variar ao longo de toda a tramitación do expediente, xa que as comunicacións se dirixirán ao devandito enderezo. Excepcionalmente, poderase modificar o enderezo inicial coa obriga de notificarlle esta circunstancia á Deputación.

3.2.- CONTRATACIÓN DE ESPECTÁCULOS

Procedemento e normas de contratación de espectáculos por parte dos concellos e entidades

No programa ALICERCE, ademais dos concellos, poderán solicitar propostas artísticas non profesionais as entidades sen ánimo de lucro da provincia, xuridicamente constituídas, **que teñan entre as súas finalidades a promoción da cultura**. Dita finalidade será acreditada mediante a presentación dos Estatutos da entidade solicitante adaptados á lexislación vixente, nos que conste a inscrición no rexistro público correspondente.

No caso das asociacións, acreditarán un número mínimo de 25 socios/as na data da presentación, agás as excepcións que se poidan establecer.

Os concellos e entidades realizarán a solicitude coa súa proposta de programación de maneira electrónica, no apartado específico da sede electrónica da Deputación da Coruña, SUBTEL.

Na proposta de programación o concello ou entidade fará constar: o nome das compañías/artistas, o nome dos espectáculos, as datas e lugares fixados para o desenvolvemento das actividades.

As entidades sen fins de lucro poderán solicitar **só unha función** no programa ALICERCE. En ningún caso as actuacións solicitadas poden ser de artistas ou grupos non profesionais radicados no propio termo municipal da entidade/concello contratante.

Para favorecer unha oferta cultural e unha distribución plurais do catálogo de ALICERCE, **non se concederá dous anos seguidos un espectáculo pertencente á mesma entidade actuante**.

Os concellos e entidades realizarán a súa proposta de programación cumprindo os requisitos que se expoñen a seguir e as normas de cofinanciamento sinaladas na base 5.2.

Os concellos e entidades poden solicitar, **como máximo**, o seguinte número de funcións:

PROGRAMA ALICERCE	Nº SOLICITUDES					
	Concellos de +50.000 habitantes	Concellos de 20.001 a 50.000 habitantes	Concellos de 10.001 a 20.000 habitantes	Concellos de 5.001 a 10.000 habitantes	Concellos de menos de 5.000 habitantes	Entidades
Programa de música e teatro para grupos non profesionais	6	5	4	3	2	1

No caso dos concellos solicitantes deberán achegar a seguinte documentación:

- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordenar os pagamentos das funcións. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.

O defecto, erro ou ausencia na presentación das solicitudes á que se refire esta base deberá ser emendado no prazo de dez días desde a recepción do requirimento. Transcorrido este prazo sen atender o requirimento entenderase que a persoa interesada desiste da súa petición, previa resolución.

3.3.- DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN

Procedemento, normas e obrigas para o desenvolvemento da programación

Obrigas dos concellos e entidades solicitantes

- Organizar as funcións e velar polo seu correcto desenvolvemento, así como proporcionar o persoal de vixilancia que se precise.
- Contratar as actuacións que teñan adxudicadas (no caso dos concellos solicitantes)
- Comprobar que a persoa representante non está incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar coa administración (no caso dos concellos solicitantes)
- Poner a disposición dos grupos o persoal necesario para axudar á carga e descarga do material. Garantir o cumprimento das necesidades técnicas acordadas coas compañías e artistas, así como o bo estado, limpeza e correcto acondicionamento dos espazos escénicos.
- Realizar a publicidade das funcións. Difundir adecuadamente a celebración dos espectáculos contratados, indicando expresamente nos soportes de difusión (carteis, cuñas radiofónicas, páxina web, redes sociais...) a pertenza da programación á Rede Cultural da Deputación da Coruña mediante a inclusión da imaxe da Rede Cultural.
- Todos os soportes de difusión e materiais publicitarios deberán realizarse en lingua galega, sen prexuízo de que poidan estar tamén noutras linguas, e á marxe de cal sexa a lingua do espectáculo.
- Vincular ou citar nos contidos de difusión dos espectáculos nas redes sociais os perfís da Área de Cultura da Deputación da Coruña.
- Cubrir e enviarlle electrónicamente á Deputación, para efectos estatísticos, unha **ficha de control** de cada función. Nesta ficha incluírase a información seguinte: data, hora e espazo de celebración da actividade, nome do artista e do espectáculo, capacidade do espazo de actuación, número de persoas asistentes.
- Dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil cunha cobertura mínima de **200.000 euros**, que garanta a reparación dos danos persoais e materiais, así como dos prexuízos consecutivos que poidan ocasionarse ás persoas usuarias, asistentes ou terceiras persoas e aos seus bens, como consecuencia da organización das actividades, incluídos os de carácter extraordinario.

Este seguro deberá cubrir a responsabilidade civil que resulte imputable, de forma directa, solidaria ou subsidiaria, ás persoas organizadoras, comprendendo igualmente a actuación do persoal ao seu servizo ou das empresas subcontratadas.

- Expedir documentos acreditativos da realización das funcións feitas: declaración, certificación ou calquera outro no que se acredite a realización da función.
- Someterse ás actuacións de comprobación da Deputación, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes. A Deputación poderá requirir a presentación dos documentos que xustifiquen o citado pago.
- Aboarlles os gastos correspondentes ás entidades de xestión de dereitos que proceda en cada caso (SGAE, DAMA ...)
- No caso dos concellos, aboarlles aos/ás artistas a totalidade do importe do espectáculo, anticipando, se for necesario, o importe que aboa a Deputación.
- No caso das entidades, aboarlles aos grupos a porcentaxe do importe que lles corresponda e realizar o pagamento no prazo de dous meses desde que o grupo presente a factura.

Obrigas dos grupos e artistas non profesionais

- Realizar as funcións nos lugares previstos.
- Expedir facturas legais polas funcións realizadas. As facturas serán expedidas por quen inscribiu o espectáculo. No caso das actuacións para entidades sen ánimo de lucro, expediranse dúas facturas: unha para o solicitante e outra para a deputación, polos porcentaxes correspondentes do caché. No caso das actuacións para concellos, facturárase a totalidade do caché ao concello.

- Achegar todo o equipamento técnico necesario para poder facer a función (instrumentos, equipo de proxección, de son...), agás que o achegue o Concello ou entidade.
- Someterse ás actuacións de comprobación da Deputación, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes.
- Deixar o local no estado en que o atoparon.

Obrigas da deputación

- Desenvolver o control e seguimento da programación aprobada, así como garantir o seu correcto funcionamento e o cumprimento das obrigas laborais, técnicas e organizativas de cada unha das partes (concellos, entidades e artistas).
- Garantir a posibilidade de consulta pública, a través da web da Rede Cultural (redecultural.gal), da programación final aprobada. Garantirase a posibilidade de acceso á información por artista ou compañía, data e espazo cultural/entidade/concello, así como das actuacións adxudicadas.
- Desenvolver estratexias e iniciativas de difusión social da programación da Rede Cultural.
- Aboarlles aos grupos a porcentaxe do importe que lles corresponda no caso de espectáculos para entidades sen ánimo de lucro, ou cofinanciar, xunto cos concellos, os espectáculos contratados por estes, mediante a achega que corresponda segundo o sinalado na base 5.2.

4. - PROGRAMA LINGUA A ESCENA!

Programación de espectáculos profesionais de música, teatro, danza, maxia, narración oral e monicreques con contidos específicos orientados á dinamización social da lingua galega, para concellos

LINGUA A ESCENA! Categoría profesional (RC-LING)	Programa de espectáculos profesionais de música, teatro, danza, maxia, narración oral e monicreques con contidos específicos orientados á dinamización social da lingua galega, para concellos
---	--

O programa **LINGUA A ESCENA!** nace na Rede Cultural 2018 co obxectivo de favorecer a programación artística, por parte dos concellos, de espectáculos profesionais de música e artes escénicas **especificamente destinados á dinamización social da lingua galega**.

Trátase pois de espectáculos que abordan especificamente -desde a música, o teatro, a danza, a maxia, a narración oral e/ou o teatro de monicreques- **contidos de carácter sociolingüístico**, orientados a favorecer a vivencia positiva do noso idioma propio, a estima e valorización individual e social deste e o combate aos tópicos e prexuízos que afectan á súa normalización social.

Dentro do programa Lingua a escena! selecciónanse, por tanto, propostas artísticas en que os contidos de reflexión sociolingüística son o centro da actividade proposta. É importante clarificar, por tanto, que LINGUA A ESCENA! non é unicamente unha programación de espectáculos en lingua galega. Un espectáculo, polo simple feito de ser en lingua galega, non cumpre necesariamente ese criterio. De igual maneira tampouco o fai necesariamente por tratar aspectos literarios, históricos ou doutro tipo. O criterio de selección de propostas para esta programación cinguese claramente á abordaxe neles de contidos sociolingüísticos expresos.

Xa que logo LINGUA A ESCENA! nace con vontade de contribuír á posta en valor da lingua galega, ao incremento do seu uso e prestixio, á socialización en galego da infancia e da mocidade e á toma de consciencia sociolingüística da poboación da provincia da Coruña, sempre desde unha perspectiva favorábel á diversidade lingüística e cultural e ao coñecemento e valorización de todas as linguas, a comezar pola propia, a galega.

Con LINGUA A ESCENA! a Deputación da Coruña pon en colaboración directa ás áreas de Cultura e de Normalización Lingüística no campo da programación cultural, colaboración que se entende tamén desexábel entre os SNL e os departamentos municipais de Cultura dos diferentes concellos da provincia.

4.1.- INSCRICIÓN DE PROPOSTAS ARTÍSTICAS

Procedemento e normas de inscrición de espectáculos na Rede Cultural

As e os artistas e compañías inscribíranse de maneira electrónica, no apartado específico da sede electrónica da Deputación da Coruña, SUBTEL.

Poderán participar do programa LINGUA A ESCENA! da Rede Cultural da Deputación da Coruña todas as empresas de distribución de espectáculos, compañías e artistas con domicilio fiscal en calquera concello da Comunidade Autónoma de Galicia.

Cada artista ou compañía con entidade legal propia, demostrada coa xustificación de estar de alta no censo de empresarios e profesionais (artigo 3 do Real Decreto 1065/2007) e a súa dedicación a actividades escénicas e/ou culturais, poderá inscribir un **máximo de 5 espectáculos neste programa**.

Admitiranse unicamente espectáculos musicais ou escénicos que aborden de xeito específico contidos sociolingüísticos e de dinamización social da lingua galega.

A Área de Cultura da Deputación da Coruña conformará unha **Comisión de Valoración de Espectáculos** da que formarán parte persoas de recoñecido prestixio e traxectoria dentro do campo da cultura e da normalización social da lingua galega, que informará sobre a adecuación das distintas propostas inscritas aos obxectivos e á natureza do programa, podendo propoñer a exclusión daquelas que considere que non se axustan a estes. As propostas excluídas poderanse incluír no programa da Rede Cultural que corresponda.

Non se poderán inscribir en LINGUA A ESCENA! espectáculos xa inscritos noutros programas da Rede Cultural.

O importe dos cachés será fixado libremente polas compañías e intérpretes, **co límite máximo de 15.000,00 euros** (impostos incluídos) e constará, por unha banda, dunha cantidade en concepto de importe do espectáculo e, doutra, do importe do equipamento técnico necesario para a súa realización. O derradeiro non se aboará no caso de que sexa achegado polo Concello. Serán sempre importes finais, **con impostos incluídos**, e terán que manterse durante toda a convocatoria.

As solicitudes que deben presentar en SUBTEL as compañías e artistas para inscribirse no programa LINGUA A ESCENA! son as seguintes

- **RC-SOLICIT:** Solicitud de alta de compañía ou artista
- **RC-LING:** Solicitud de inscrición individual de cada espectáculo proposto

A presentación de ambas solicitudes é **imprescindible**, sen a súa achega non se terá por feita a inscrición e non se notificará a súa falla.

A solicitud de alta de compañía ou artista (RC-SOLICIT) constará da seguinte documentación:

- Tarxeta NIF da entidade
- Escrituras da entidade / empresa.
- Designación da persoa representante
- Declaración da persoa representante de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar coa administración e de aceptación das bases da convocatoria

A tarxeta NIF e as escrituras da entidade ou empresa non terán que ser presentadas se xa se achegaron en anos anteriores e non houbo variación nelas.

Cada solicitud de inscrición individual de cada espectáculo proposto (RC-LING) constará da seguinte documentación:

- Anexo 1. Programa ou sinopse
- Anexo 2. Características técnicas
- Anexo 3. Traxectoria artística
- Anexo 4. Relación de persoas que forman parte do equipo artístico e do equipo técnico.
- Imaxe / fotografía da obra ou grupo, en formato JPEG
- Documento acreditativo da alta da compañía ou do artista no censo de empresarios e profesionais (art. 3 do RD 1065/2007) con dedicación a actividades escénicas e/ou culturais.
- Documento explicativo da adecuación do espectáculo a abordaxe de xeito específico dos contidos sociolingüísticos e de dinamización social da lingua galega

No caso das empresas distribuidoras de espectáculos, terán que presentar a alta no censo de empresarios e profesionais (artigo 3 do Real Decreto 1065/2007) e a dedicación a actividades escénicas e/ou culturais de cada unha das compañías ou artistas profesionais propostos.

Ademais constará dos seguintes campos: nome artístico, título da obra ou espectáculo, páxina web, importe caché e necesidades técnicas, tipo de oferta, lingua, público, sinopse e enlace ao vídeo do espectáculo e indicación de se unicamente actúan en espectáculos con entrada de pago.

O defecto, erro ou ausencia na presentación das solicitudes á que se refire esta base deberá ser emendado no prazo de dez días desde a recepción do requirimento. Transcorrido este prazo sen atender o requirimento entenderase que a persoa interesada desiste da súa petición, previa resolución.

Tendo en conta que a tramitación será electrónica, a empresa ou artista deberá dispoñer dun enderezo de correo electrónico que non poderá variar ao longo de toda a tramitación do expediente, xa que as comunicacións se dirixirán ao devandito enderezo. Excepcionalmente, poderase modificar o enderezo inicial coa obriga de notificarlle esta circunstancia á Deputación.

4.2.- CONTRATACIÓN DE ESPECTÁCULOS

Procedemento e normas de contratación de espectáculos por parte dos Concellos

Os concellos realizarán a solicitude coa súa proposta de programación directamente na plataforma informática habilitada pola Deputación para estes efectos, a través da súa web.

Na proposta de programación o concello fará constar: o nome das compañías/artistas, o nome dos espectáculos, as datas e lugares fixados para o desenvolvemento das actividades.

Os concellos realizarán a súa proposta de programación cumprindo os requisitos e as normas que se expoñen a seguir:

- GRUPO A. Concellos de menos de 10.000 habitantes: Mínimo de 2 espectáculos.
- GRUPO B. Concellos de 10.001-20.000 habitantes: Mínimo de 3 espectáculos.
- GRUPO C. Concellos de máis de 20.000: Mínimo de 4 espectáculos.

Nos casos dos grupos B e C as programacións deberán incluír cando menos un espectáculo escénico e un musical.

Os concellos deberán achegar a seguinte documentación:

- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordenar os pagamentos das funcións. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.

O defecto, erro ou ausencia na presentación da solicitude a que se refire esta base deberá ser emendado no prazo de dez días desde a recepción do requirimento. Transcorrido este prazo sen atender o requirimento entenderase que a persoa interesada desiste da súa petición, previa resolución.

4.3.- DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN

Procedemento, normas e obrigas para o desenvolvemento da programación

Obrigas dos concellos

- Organizar as funcións e velar polo seu correcto desenvolvemento, así como proporcionar o persoal de vixilancia que se precise.
- Contratar as funcións que teñan adxudicadas.
- Comprobar que a persoa representante non está incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar coa administración
- Poner a disposición dos grupos o persoal necesario para axudar á carga e descarga do material. Garantir o cumprimento das necesidades técnicas acordadas coas compañías e artistas, así como o bo estado, limpeza e correcto acondicionamento dos espazos escénicos.
- Realizar a publicidade das funcións. Difundir adecuadamente a celebración dos espectáculos contratados, indicando expresamente nos soportes de difusión (carteis, cuñas radiofónicas, páxina web, redes sociais...) a pertenza da programación á Rede Cultural da Deputación da Coruña mediante a inclusión da imaxe da Rede Cultural.
- Todos os soportes de difusión e materiais publicitarios deberán realizarse en lingua galega, sen prexuízo de que poidan estar tamén noutras linguas, e á marxe de cal sexa a lingua do espectáculo.
- Vincular ou citar nos contidos de difusión dos espectáculos nas redes sociais os perfís da Área de Cultura da Deputación da Coruña.
- Realizar un traballo adecuado de xestión de asistencia, que incluírá:
 - Peche do espazo unha vez comezada a función.
 - Cobertura e envío electrónico á Deputación, para efectos estatísticos, dunha ficha de control de cada función ao desenvolvemento desta. Nesa ficha incluírase a información seguinte: data, hora e espazo de celebración da actividade, nome do artista e do espectáculo, prezo de entrada (se houber, e en tal caso follas de billeteira e declaración de ingresos), capacidade do espazo de actuación, número de persoas asistentes.

- Comprobar, con anterioridade á data da función, que as compañías profesionais teñen aos artistas e profesionais dados de alta na Seguridade Social no momento de realizar a actuación. Esta comprobación farase a través da presentación dos documentos de alta na Seguridade Social.
- Dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil cunha cobertura mínima de **200.000 euros**, que garanta a reparación dos danos persoais e materiais, así como dos prexuízos consecutivos que poidan ocasionarse ás persoas usuarias, asistentes ou terceiras persoas e aos seus bens, como consecuencia da organización das actividades, incluídos os de carácter extraordinario.

Este seguro deberá cubrir a responsabilidade civil que resulte imputable, de forma directa, solidaria ou subsidiaria, ás persoas organizadoras, comprendendo igualmente a actuación do persoal ao seu servizo ou das empresas subcontratadas.

- Expedir documentos acreditativos da realización das funcións feitas: declaración, certificación ou calquera outro no que se acredite a realización da función.
- Someterse ás actuacións de comprobación da Deputación, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes.
- Aboarlles os gastos correspondentes ás axencias de propiedade intelectual e artística correspondentes (SGAE, DAMA...)
- Aboarlles aos/ás artistas a totalidade do importe do espectáculo, anticipando, se for necesario, o importe que aboa a Deputación, logo de comprobar que o artista está ao corrente cas administracións tributarias correspondentes e ca Tesourería da Seguridade Social.

Obrigas das/os artistas

O programa **LINGUA A ESCENA!**, recollendo unha demanda histórica do sector das artes escénicas do noso país, convócase como un programa destinado unicamente a compañías e propostas artísticas de carácter profesional. Para garantir esta condición, a Deputación da Coruña esixirá as seguintes obrigas:

- As compañías de teatro profesional cumprarán co disposto no **I Convenio colectivo de actores e actrices de teatro de Galicia** (aprobado por resolución do 18 de marzo de 2009, da Dirección Xeral de Relacións Laborais) e as súas posteriores modificacións.
- As compañías inscritas na Rede Cultural, ben baixo o seu NIF ben baixo o doutra empresa que xestione a distribución do seu espectáculo, deberán presentar á Deputación da Coruña documentación que acredite a alta no censo de empresarios e profesionais (artigo 3 do Real Decreto 1065/2007) e a súa dedicación a actividades escénicas e/ou culturais.
- Entregar ás persoas responsábeis da programación dos concellos, con anterioridade á data da función, copia dos documentos de alta na Seguridade Social das e dos profesionais que participan no espectáculo. A Deputación da Coruña, así mesmo, desenvolverá ao longo da programación controis periódicos e aleatorios ás compañías antes do comezo dos espectáculos, nos que serán solicitados os modelos de cotización RNT (Recibo Nominal de Traballadores e Traballadoras).
- Someterse ás actuacións de comprobación da Deputación, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes.
- Realizar as funcións nos lugares previstos.
- Aboar os gastos de transporte e seguros do equipo de actuación e material, gastos de persoal, impostos e Seguridade Social.
- Expedir facturas legais polas funcións realizadas e, se for o caso, a que corresponda do equipamento técnico necesario para a realización da función. As facturas serán expedidas pola entidade ou empresa que inscribiu o espectáculo. No caso de a inscrición e a facturación sexa realizada por unha empresa distribuidora, igualmente garantirase que as propostas escénicas distribuídas por esta dentro do programa Escena ao vivo! corresponden en todos os casos a compañías profesionais de artes escénicas, a través da presentación da súa alta como tal no censo de empresarios e profesionais (artigo 3 do Real Decreto 1065/2007) e da súa dedicación a actividades escénicas e/ou culturais.
- Achegar todo o equipamento técnico necesario para poder facer a función (instrumentos, equipo de proxección, de son...), agás que o achegue o Concello.
- Deixar o local no estado en que o atoparon.

Obrigas da Deputación

- Desenvolver o control e seguimento da programación aprobada, así como garantir o seu correcto funcionamento e o cumprimento das obrigas laborais, técnicas e organizativas de cada unha das partes (concellos e artistas).
- Garantir a posibilidade de consulta pública, a través da web da Rede Cultural (redecultural.gal), da programación final aprobada para cada concello. Garantírase a posibilidade de acceso á información por artista ou compañía, data e espazo cultural/entidade/concello, así como das actuacións adxudicadas.
- Desenvolver estratexias e iniciativas de difusión social da programación da Rede Cultural.
- Cofinanciar os espectáculos incluídos na Rede, mediante as achegas que correspondan segundo o sinalado na base 5.2.

5.- ASPECTOS COMÚNS A TODOS OS PROGRAMAS

5.1.- PRAZOS

Os prazos desta convocatoria serán os seguintes:

Primeira fase: inscrición de espectáculos

- Inicio: 8 de xaneiro de 2026, ás 00:00 horas
- Fin: 29 de xaneiro de 2026, ás 14:00 horas

Segunda fase: solicitude de espectáculos

- Inicio: 6 de marzo de 2026, ás 00:00 horas
- Fin: 20 de marzo de 2026, as 14:00 horas

Terceira fase: resolución

A resolución de adxudicación dos espectáculos, no caso dos concellos, realizarase antes do 8 de abril de 2026, e no caso de entidades, antes do 15 de maio de 2026.

Cuarta fase: desenvolvemento da programación

- Inicio: 1 de xaneiro de 2026
- Fin: 31 de marzo de 2027

Quinta fase: Acreditación de realización das funcións para o pagamento da achega provincial

- Inicio:
 - Concellos: o día seguinte ao da sinatura dos convenios
 - Entidades: o día seguinte ao da publicación da resolución de adxudicación no BOP
- Fin: 15 de maio de 2027

5.2.- COFINANCIAMENTO DAS PROGRAMACIÓNS

A Deputación levou a cabo nos últimos anos un importante esforzo económico de medre nos orzamentos da Rede Cultural, pasando dos 956.932,00 euros que se destinaban en 2014 aos 2.025.000,00 euros que se destinarán en 2026.

CONCELLOS

As porcentaxes de cofinanciamento entre a Deputación e os Concellos, en todos os programas, son os seguintes:

- | | | |
|---|----------------|---------------|
| · Concellos de menos de 5.000 habitantes | 75% Deputación | 25 % Concello |
| · Concellos de 5.001 a 10.000 habitantes | 60% Deputación | 40 %Concello |
| · Concellos de 10.001 a 20.000 habitantes | 50% Deputación | 50% Concello |
| · Concellos de 20.001 a 50.000 habitantes | 40% Deputación | 60% Concello |
| · Concellos de máis de 50.001 habitantes | 30% Deputación | 70% Concello |

Para garantir a estabilidade e viabilidade dos orzamentos da Rede Cultural, a partir da convocatoria de 2020 márcanse asignacións económicas máximas por grupos de concellos.

TIPOLOXÍA DE CONCELLOS	LÍMITE MÁXIMO DE ACHEGA ORZAMENTARIA DA DEPUTACIÓN
Concellos de menos de 2.500 habitantes	10.000,00 euros
Concellos de 2.501 a 5.000 habitantes	14.000,00 euros
Concellos de 5.001 a 10.000 habitantes	18.000,00 euros
Concellos de 10.001 a 20.000 habitantes	22.000,00 euros
Concellos de máis de 20.001 habitantes	26.000,00 euros

ENTIDADES

A fórmula de cofinanciamento no programa ALICERCE, no caso das entidades, é a seguinte:

- Entidade: Entre o 30 % e o 50% do importe do espectáculo
- Deputación: Entre o 70 % e o 50% do importe do espectáculo

Para garantir a estabilidade e viabilidade dos orzamentos da Rede Cultural, márcanse 15.000,00 euros como límite máximo de achega por entidade titular de espectáculos de ALICERCE. Os criterios para a concesión serán os sinalados na base 5.4.1 Proposta de adxudicación e, no seu caso, limitando o número de actuacións no mesmo concello.

5.3.- FASE DE SOLICITUDE

Concellos

Os concellos presentarán unha única solicitude (**RC-A2C**) coa súa proposta de programación, a través da sede electrónica da Deputación da Coruña (SUBTEL).

A solicitude dividirase en dúas partes:

- Solicitude xeral
- Solicitude complementaria (opcional)

A solicitude xeral deberá axustarse aos límites de achega económica da Deputación establecidos para cada concello na base 5.2.

A solicitude complementaria só deberán cubrila aqueles concellos que desexen superar o límite establecido. Nela poderán incluír espectáculos adicionais, que deberán figurar ordenados e priorizados. Na solicitude complementaria non serán aplicables os mínimos e/ou máximos establecidos nos apartados 1.2, 2.2, 3.2 e 4.2. Tampouco será necesario indicar datas e lugares de celebración, que se confirmarán despois da adxudicación.

A Deputación aboará un anticipo do 60% da achega concedida pola Deputación. O pagamento tramitarase de oficio unha vez se formalice e asine o correspondente convenio de colaboración, sen necesidade de realizar ningún trámite adicional por parte do concello beneficiario.

Entidades

As entidades presentarán unha única solicitude (**RC-A2E**) coa súa proposta de programación, a través da sede electrónica da Deputación da Coruña (SUBTEL).

5.4.- ADXUDICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS

5.4.1.- Proposta de adxudicación

As solicitudes de espectáculos realizadas polos **concellos** dentro da Solicitude xeral serán concedidas, respectando os límites económico marcados na base 5.2, e serán adxudicadas directamente.

Unha vez formulada a proposta de programación na solicitude xeral por parte dos concellos, podería darse o caso de que non todos eles cheguen a cubrir o máximo permitido. Nese caso, co remanente xerado en cada grupo de concellos, procederase ao seu reparto entre aqueles que, dentro de cada bloque, manifestasen previamente na solicitude complementaria a súa vontade de ampliar a súa programación superando o límite económico da achega inicial da Deputación.

O reparto entre estes concellos farase de forma directa en función da porcentaxe que lles corresponda, obtida a partir da media da súa achega propia á programación da Rede Cultural nos últimos tres anos. Desta maneira, a estes concellos sumaráselles á cantidade inicial unha segunda cantidade complementaria derivada do reparto dos remanentes, dando lugar a suma de ambas á cantidade definitiva da achega da Deputación.

Aplicarase para a concesión das solicitudes a **entidades**, caso de ser necesario, o criterio de distancia entre concellos, favorecendo unha distribución equilibrada da programación no conxunto do territorio da provincia, e procurando evitar a

concesión de actuacións nos concellos limítrofes ao concello de orixe do grupo. Igualmente terase en conta o número total de actuacións concedidas a cada espectáculo.

A Deputación aprobará integramente a proposta de programación dos concellos e das entidades, sempre que se axuste aos límites indicados, sen necesidade de que exista unha valoración técnica previa, que poderá realizarse, de ser o caso, por unha comisión técnica.

5.4.2 Resolución de adxudicación

A adxudicación das programacións finais realizarase mediante resolucións da Presidencia, logo do informe previo do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes e do servizo de Fiscalización.

A resolución de adxudicación, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrência competitiva e, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, notificarase mediante a publicación no Boletín Oficial da Provincia e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará na páxina web da Deputación.

5.4.3 Formalización

Concellos

A adxudicación a favor dos concellos formalizarase mediante a sinatura dun convenio interadministrativo de colaboración, que se realizará electronicamente a través da plataforma SUBTEL no prazo máximo dun mes desde a posta á súa disposición (Anexo I).

Unha vez formalizado o convenio, iníciase a tramitación dos anticipos.

Entidades

No caso das entidades a resolución de adxudicación constitúe a asignación da actividade á entidade e a contratación por parte da Deputación do espectáculo, polo que, ao constar na mesma as obrigas de tódalas partes, non require de formalización posterior, sendo suficiente a constancia da notificación a entidades solicitantes e grupos ou artistas.

5.4.- ACREDITACIÓN DA REALIZACIÓN DAS FUNCIÓNS PARA O PAGAMENTO DA ACHEGA PROVINCIAL

Concellos

Os concellos aboaranlle a totalidade do importe da función a cada un dos grupos que lle fose concedido.

A Deputación aboaralle aos concellos o importe da porcentaxe (base 5.2) da totalidade das funcións, cuxa celebración deberá acreditarse conxuntamente unha vez finalizada a programación na plataforma SUBTEL.

Para o pagamento da achega da Deputación, os concellos deberán achegar unha certificación expedida pola persoa a cargo da Secretaría na que dé conta da seguinte información:

- En relación coas actuacións: Data da actuación / Empresa / NIF / Grupo ou compañía / Obra ou espectáculo / Importe total (caché e necesidades técnicas desagregadas)
- Que as contratacións realizáronse de conformidade coa lexislación vixente.
- Que se comprobou que os e as artistas e persoal dos programas Escena ao Vivo!, Visións! e Lingua a Escena! figuraban dados da alta na Seguridade Social na data da realización das actuacións.
- Relación de incidencias que afecten á acreditación da realización (anulacións, importe diferente ao adxudicado...)

O Concello deberá efectuar o pagamento da actuación no prazo máximo de dous meses desde o aboamento da función por parte da Deputación, e remitir á Deputación o correspondente certificado de pagamento (no que conste a entidade ou empresa, nome da actuación, número de factura, importe e data de ingreso). No caso de non realizar o pagamento neste prazo, iníciase o expediente de reintegro da cantidade aboada indebidamente.

Grupos inscritos no programa ALICERCE

A Deputación aboaralles directamente aos grupos o importe da porcentaxe correspondente.

Para o pagamento de cada unha das funcións, os grupos deberán presentar a seguinte documentación na plataforma informática habilitada pola Deputación para estes efectos:

- Factura por importe da porcentaxe correspondente á Deputación. Nos supostos de grupos de titularidade municipal poderán presentar, en substitución das facturas, a aprobación da liquidación correspondente.
- Xustificante bancario do ingreso do importe que lle corresponde á entidade solicitante, no que figuren os datos da entidade actuante (beneficiario) e a solicitante (ordenante), así como detalle do concepto polo que se fai o ingreso.

- Acreditación da realización das funcións concedidas: certificación, declaración ou informe que deberá ser expedido pola entidade solicitante, ou certificación do concello onde se realizou.
- Certificación dos datos bancarios, segundo modelo oficial da Deputación (agás grupos de titularidade municipal) xunto cun documento emitido pola entidade bancaria que acredite a titularidade da conta bancaria a nome da entidade que conteña: o código IBAN da conta, o código Swift ou BIC cando sexa necesario e os datos identificadores do titular da conta (NIF e denominación social).
- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.

Entidades solicitantes no programa ALICERCE

As entidades solicitantes do programa ALICERCE estarán obrigadas á cobertura e envío electrónico á Deputación, para efectos estatísticos, dunha **ficha de control** de cada función. Nesa ficha incluírase a información seguinte: data, hora e espazo de celebración da actividade, nome do artista e do espectáculo, capacidade do espazo de actuación e número de persoas asistentes.

A dita ficha deberá incorporarse no prazo máximo de 15 días desde a realización do espectáculo.

5.5.- CAMBIOS E ANULACIÓNS

Cambios de adxudicacións

Os concellos e entidades poderán solicitar cambios de actuacións debidamente xustificados e cumprindo os requisitos da convocatoria, sempre que sexan por actuacións de igual ou inferior importe, requirindo unha modificación da resolución de adxudicación.

No caso de cambios de proxeccións, sen que exista cambio de importe ou de categoría, e sempre que sexan da mesma empresa de distribución, non será necesaria a modificación da resolución de adxudicación sempre e cando conste solicitude do concello e aceptación da empresa previa á proxección.

Cambios de data

No caso de que, por algunha causa imprevista, se produza un cambio de lugar ou data nalgunha das funcións previstas, o concello —ou, no programa ALICERCE, a entidade solicitante— deberá contar coa conformidade expresa das persoas ou grupos artistas afectados e realizará o aviso formal da modificación á Sección de Educación e Cultura da Deputación, remitindo a documentación correspondente a través do apartado de “documentación adicional” da solicitude inicial de programación.

Anulacións

No caso de anulación de funcións por parte do Concello solicitante por causas de forza maior, definidas no artigo 239 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a/o intérprete terá dereito a percibir unha indemnización co límite máximo do 50 % do importe da función, que lle será aboada pola Deputación e polo Concello solicitante, de acordo coas porcentaxes de pagamento fixadas na base 5.2. No suposto de cancelación unilateral inxustificada, a indemnización ascenderá á totalidade do importe da función e pagaráa o Concello solicitante.

No caso de anular unha función a/o intérprete, compañía ou empresa, o Concello terá dereito a ser indemnizado polos danos ocasionados (gastos de contratación de persoal, publicidade etc.) cun límite máximo equivalente ao importe indicado para as especificacións técnicas do espectáculo, ademais de non poder participar na próxima convocatoria, agás nos supostos de forza maior indicados do citado artigo 239.

Para cuantificar a indemnización presentaranse xustificantes cos gastos ocasionados pola anulación.

5.6.- PENALIDADES

Consideraranse incumprimento das bases da convocatoria as accións e omisións que se indican deseguido:

Incumprimentos leves

Será considerado incumprimento leve a presentación da acreditación da realización das funcións despois do prazo establecido na base 5.1, que dará lugar ás seguintes detraccións na achega da Deputación:

- Se a documentación se presenta entre o 16 de maio e o 15 de xullo do exercicio seguinte ao da convocatoria, detracción do importe equivalente ao 5 % do importe da achega da Deputación.
- Se a documentación se presenta entre o 16 de xullo e o 30 de setembro do exercicio seguinte ao da convocatoria, detracción do importe equivalente ao 10 % do importe da achega da Deputación.

Despois desta data non se fará ningún pagamento.

Incumprimentos graves

Serán considerados incumprimentos graves os seguintes:

- A falta da sinatura do convenio no prazo establecido polos concellos, que dará lugar á súa exclusión da participación neste programa na próxima convocatoria.
- A falta de pagamento da porcentaxe do caché que lles corresponde por parte dos concellos solicitantes das funcións, que dará lugar á súa exclusión da participación neste programa na próxima convocatoria.
- Calquera modificación do caché indicado na solicitude de participación, sen xustificar, que dará lugar á exclusión da participación na próxima convocatoria.
- Calquera modificación da empresa ou entidade que inscribe os espectáculos, xa sexa no momento da contratación ou no momento da presentación das facturas, que dará lugar á exclusión da participación na próxima convocatoria e á perda de dereito ao cobro dese espectáculo.
- A asistencia dos grupos e intérpretes á actuación con menos membros dos inscritos na solicitude, sen causa xustificada, que dará lugar á imposición dunha multa por importe equivalente á diferenza do importe do caché co que figura inscrito e o caché correspondente ao número de membros que realizaron a actuación. Así mesmo dará lugar á exclusión da participación na próxima convocatoria.
- A non realización das funcións sen causa xustificada ou o incumprimento das obrigas derivadas da súa inclusión na Rede Cultural, que dará lugar á súa exclusión da participación neste programa na próxima convocatoria.

A Deputación incoará os correspondientes de reintegro das cantidades ingresadas indebidamente se se detectara algunha irregularidade anteriormente descritas.

6.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Os datos facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña coa finalidade de tramitar esta convocatoria.

A participación nesta convocatoria implica aceptar a realización de fotografías e/ou vídeos pola Deputación da Coruña no desenvolvemento das actividades.

As ditas imaxes poderán ser publicadas en:

- A páxina web e perfís en redes sociais da Deputación.
- Filmacións destinadas á promoción da actividade.
- Publicacións para dar a coñecer a actividade.

A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase no cumprimento dunha misión de interese público.

Os datos poderán ser comunicados ás Administracións públicas para o exercicio das súas competencias e serán conservados de acordo co establecido na normativa de arquivo.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo se considera que o tratamento incumpre co establecido no RXPD pode reclamar perante a AEPD.

Poden consultar máis información relacionada coa protección de datos na nosa política de privacidade ou dirixindo un correo a delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal.

7.- ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

Disposición adicional primeira

En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito a favor das entidades solicitantes mentres non se dean as condicións orzamentarias, procedimentais e xurídicas de aplicación.

ANEXO I - MODELO CONVENIO CONCELLOS**CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS PARA OS ESPECTÁCULOS DA REDE CULTURAL 2025 - CONCELLO DE _____**

Dunha parte, a Deputación Provincial da Coruña con NIF P1500000C, representada pola súa Presidencia, D/Dona. _____ (ou deputado/a no que delegue), identificado/a mediante o correspondente certificado de firma electrónica) asistido/a polo/a Secretario/a xeral, D/Dona. _____ (ou quen legalmente lle substitúa) identificado/a mediante o correspondente certificado de firma electrónica, en exercicio das funcións reservadas previstas no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réximen xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

E, **doutra parte**, o Concello de _____ (en diante o CONCELLO), con NIF _____, representada por _____, identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica.

As partes comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, lles corresponden e de acordo coas bases reguladoras da programación da Rede Cultural da Deputación da Coruña, cuxa convocatoria para o ano 2026 foi publicada no Boletín Oficial da Provincia número, do de.....de 202....

A actuación que se formaliza mediante este convenio fundaméntase nas competencias propias da Deputación Provincial da Coruña e do CONCELLO en materia de promoción e fomento da cultura, conforme ao disposto no artigo 118, apartado d), da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, que atribúe ás deputacións a cooperación cos concellos da provincia no impulso de actividades culturais, así como o artigo 3.3.

Neste marco, e continuando coa política de fomento da cultura e de apoio á programación cultural no ámbito local, a Deputación promove a Rede Cultural da Deputación da Coruña 2026 como un espazo de colaboración institucional entre a Deputación e os concellos, orientado a garantir unha oferta cultural diversificada, estable e de calidade no conxunto do territorio provincial.

De acordo co exposto, acordan subscribir o presente convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS**PRIMEIRA.- Obxecto**

O presente convenio interadministrativo ten por obxecto regular as condicións de participación e colaboración do CONCELLO no programa Rede Cultural da Deputación da Coruña 2026, promovido pola Área de Cultura da Deputación Provincial da Coruña co fin de apoiar a programación cultural no ámbito local e facilitar o acceso da cidadanía a actividades artísticas de calidade.

A través deste convenio establécense as obrigas e compromisos das partes asinantes para a realización dos espectáculos incluídos na programación aprobada, así como as condicións de cofinanciamento, coordinación e aportación económica das partes ás actuacións.

De conformidade coa Resolución da Presidencia número, do ... de de 202..., pola que se aprobaron as adxudicacións correspondentes á Rede Cultural 2026, os espectáculos asignados ao CONCELLO son os seguintes:

(...)

SEGUNDA.- Obrigas das partes**Obrigas do CONCELLO**

- Organizar as funcións e velar polo seu correcto desenvolvemento, así como proporcionar o persoal de vixilancia que se precise.
- Contratar as funcións que teñan adxudicadas
- Comprobar que a persoa representante non está incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar coa administración
- Poner a disposición dos grupos o persoal necesario para axudar á carga e descarga do material. Garantir o cumprimento das necesidades técnicas acordadas coas compañías e artistas, así como o bo estado, limpeza e correcto acondicionamento dos espazos escénicos.
- Realizar a publicidade das funcións. Difundir adecuadamente a celebración dos espectáculos contratados, indicando expresamente nos soportes de difusión (carteis, cuñas radiofónicas, páxina web, redes sociais...) a pertenza da programación á Rede Cultural da Deputación da Coruña mediante a inclusión da imaxe da Rede Cultural.

- Todos os soportes de difusión e materiais publicitarios deberán realizarse en lingua galega, sen prexuízo de que poidan estar tamén noutras linguas, e á marxe de cal sexa a lingua do espectáculo.
- Vincular ou citar nos contidos de difusión dos espectáculos nas redes sociais os perfís da Área de Cultura da Deputación da Coruña.
- Realizar un traballo adecuado de xestión de asistencia, que incluírá:
 - Peché do espazo unha vez comezada a función
 - Cobertura e envío electrónico á Deputación, para efectos estatísticos, dunha ficha de control de cada función ao desenvolvemento desta. Nesa ficha incluírase a información seguinte: data, hora e espazo de celebración da actividade, nome do artista e do espectáculo, prezo de entrada (se houber, e en tal caso follas de billeteira e declaración de ingresos), capacidade do espazo de actuación, número de persoas asistentes.
- Comprobar, con anterioridade á data da función, que as compañías profesionais teñen aos artistas e profesionais dados de alta na Seguridade Social no momento de realizar a actuación. Esta comprobación farase a través da presentación dos documentos de alta na Seguridade Social.
- Dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil cunha cobertura mínima de 200.000 euros, que garanta a reparación dos danos persoais e materiais, así como dos prexuízos consecutivos que poidan ocasionarse ás persoas usuarias, asistentes ou terceiras persoas e aos seus bens, como consecuencia da organización das actividades, incluídos os de carácter extraordinario.

Este seguro deberá cubrir a responsabilidade civil que resulte imputable, de forma directa, solidaria ou subsidiaria, ás persoas organizadoras, comprendendo igualmente a actuación do persoal ao seu servizo ou das empresas subcontratadas.

- Expedir documentos acreditativos da realización das funcións feitas: declaración, certificación ou calquera outro no que se acredite a realización da función.
- Someterse ás actuacións de comprobación da Deputación, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes.
- Aboarlles os gastos correspondentes ás axencias de propiedade intelectual e artística correspondentes (SGAE, DAMA ...)
- Aboarlles aos artistas a totalidade do importe do espectáculo, anticipando, se for necesario, o importe que aboa a Deputación, logo de comprobar que o artista está ao corrente cas administracións tributarias correspondentes e ca Tesourería da Seguridade Social.

Obrigas da Deputación:

- Desenvolver o control e seguimento da programación aprobada, así como garantir o seu correcto funcionamento e o cumprimento das obrigas laborais, técnicas e organizativas de cada unha das partes (concellos e artistas).
- Garantir a posibilidade de consulta pública, a través da web da Rede Cultural (redecultural.gal), da programación final aprobada para cada concello. Garantírase a posibilidade de acceso á información por artista ou compañía, data e espazo cultural/entidade/concello, así como das actuacións adxudicadas.
- Desenvolver estratexias e iniciativas de difusión social da programación da Rede Cultural.
- Cofinanciar os espectáculos incluídos na Rede, mediante as achegas que correspondan.

TERCEIRA.- Acreditación da realización das funcións para o pago da achega provincial

O CONCELLO aboaralle a totalidade do importe da función a cada un dos grupos que lle fose concedido.

A Deputación aboaralle aos concellos o importe da porcentaxe (base 5.2) da totalidade das funcións, que deberán ser xustificadas conxuntamente unha vez finalizada a programación na plataforma SUBTEL.

Para o pagamento da achega da Deputación, os concellos deberán achegar unha certificación expedida pola persoa a cargo da Secretaría na que dé conta da seguinte información:

- En relación coas actuacións: Data da actuación / Empresa / NIF / Grupo ou compañía / Obra ou espectáculo / Importe total (caché e necesidades técnicas desagregadas)
- Que as contratacións realizáronse de conformidade coa lexislación vixente.
- Que se comprobou que os e as artistas e persoal dos programas Escena ao Vivo!, Visións! e Lingua a Escena! figuraban dados da alta na Seguridade Social na data da realización das actuacións.
- Relación de incidencias que afecten á xustificación (anulacións, importe diferente ao adxudicado...)

O prazo de presentación da documentación acreditativa da realización dos espectáculos rematará o 15 de maio de 2027.

O Concello deberá efectuar o pagamento das actuacións no prazo máximo de dous meses desde o ingreso da achega por parte da Deputación, e remitir á Deputación o correspondente certificado de pagamento (no que conste a entidade ou empresa, nome da actuación, número de factura, importe e data de ingreso). No caso de non realizar o pagamento neste prazo, iniciárase o expediente de reintegro da cantidade aboada indebidamente.

CUARTA.- Penalidades

Incumprimentos leves

Será considerado incumprimento leve a presentación da acreditación da realización das funcións despois do prazo establecido, que dará lugar ás seguintes detraccións na achega da Deputación:

- Se a documentación se presenta entre o 16 de maio e o 15 de xullo do exercicio seguinte ao da convocatoria, detracción do importe equivalente ao 5 % do importe da achega da Deputación.
- Se a documentación se presenta entre o 16 de xullo e o 30 de setembro do exercicio seguinte ao da convocatoria, detracción do importe equivalente ao 10 % do importe da achega da Deputación.

Despois desta data non se fará ningún pagamento.

Incumprimentos graves

Serán considerados incumprimentos graves os seguintes:

- A falta da sinatura do convenio no prazo establecido polos concellos, que dará lugar á súa exclusión da participación neste programa na próxima convocatoria. Ademais, deberán aboar o importe total da actuación e excluír a Deputación de calquera responsabilidade.
- A falta de pagamento da porcentaxe do caché que lles corresponde por parte dos concellos solicitantes das funcións, que dará lugar á súa exclusión da participación neste programa na próxima convocatoria.
- A non realización das funcións sen causa xustificada ou o incumprimento das obrigas derivadas da súa inclusión na Rede Cultural, que dará lugar á súa exclusión da participación neste programa na próxima convocatoria.

QUINTA.- Seguimento

O seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio e dos compromisos adquiridos por ambas as partes corresponderá á Área de Cultura da Deputación Provincial da Coruña, que exercerá estas funcións de maneira conxunta para o conxunto dos convenios subscritos no marco da Rede Cultural 2026 como mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do mesmo consonte co previsto no artigo 49 f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector público, sen prexuízo das competencias de fiscalización e control financeiro que correspondan a outros servizos da Deputación.

Esta unidade encargárase de resolver as dúbidas de interpretación, incidencias ou cuestións derivadas do cumprimento do convenio, podendo solicitar ao CONCELLO a documentación, aclaracións ou informes necesarios para verificar o desenvolvemento das actuacións programadas.

SEXTA.- Vixencia

O presente convenio terá vixencia desde o 1 de xaneiro de 2026 e manterá os seus efectos ata o 31 de marzo de 2027, período no que se desenvolverán os espectáculos incluídos na programación da Rede Cultural 2026 no ámbito territorial da provincia da Coruña.

E en proba de conformidade con todo canto antecede, subscríbese o presente convenio que firman as partes na data de sinatura electrónica.

A Coruña, 15 de decembro de 2025.

O Presidente

Valentín González Formoso

O Secretario xeral

Miguel Iglesias Martínez

2025/8400